

BASES XII EDICIÓN PREMIOS GALICIA ALIMENTACIÓN



1. CONVOCATORIA

Os Premios Galicia Alimentación foron postos en marcha no ano 2014 polo Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) co compromiso de poñer en valor a calidade e profesionalidade do sector, de aumentar a capacidade innovadora e de recoñecer as accións de emprendemento, dixitalización, innovación, sustentabilidade, mercadotecnia e internacionalización na industria. Para o seu desenvolvemento, a organización conta con colaboradores e patrocinadores de carácter público e privado. En 2026, os Premios Galicia Alimentación celebrarán a súa duodécima edición.

2. OBXECTIVO

Clusaga concede os Premios Galicia Alimentación 2026 co obxectivo de contribuír a promocionar os produtos alimentarios e as bebidas, os proxectos e as empresas e institucións relacionadas e a mellorar a súa imaxe e posición, de xeito que adquiren unha importancia relevante tanto dentro do sector alimentario como da sociedade en xeral. Con eles búscase estimular os diferentes elementos da cadea alimentaria na produción, transformación, distribución, utilización, coñecemento e consumo destes alimentos, así como recoñecer o seu esforzo comercial, innovador e de desenvolvemento sustentable.

Estes premios valoran a excelencia, a traxectoria empresarial ou asociativa e a transferencia de coñecementos tecnolóxicos e I+D nos produtos, así como nos procesos que melloren a calidade de vida dos consumidores e a relevancia socioeconómica do sector alimentario no mercado nacional e internacional.

3. CATEGORÍAS

Na nova edición premiaranse dúas categorías principais, dentro das cales se enmarcan sete galardóns. En primeiro lugar, a **Categoría “Alimentos e Bebidas”** premia a innovación e a excelencia do sector, materializadas en alimentos ou bebidas. Pola súa banda, a **Categoría “Iniciativas do Sector Alimentario”**, premia proxectos, accións ou prácticas das empresas destacadas nos ámbitos de Estratexia de Mercado, Iniciativa Empresarial Innovadora e Estratexia de Sustentabilidade. Deste xeito, os galardóns aos que se pode optar nesta Edición son:

Dentro da Categoría “Alimentos e Bebidas”:

- **Premio Galicia Alimentación ao Produto Innovador.** Recoñece a aqueles produtos que destacan pola súa innovación en ingredientes, formulacións ou envases, ademais do seu potencial comercial, e que respondan ás demandas do consumidor, con especial atención á relación entre nutrición e saúde. Valóranse desenvolvementos que acheguen propiedades funcionais, incorporen ingredientes endóxenos novos ou infrautilizados, melloren o perfil nutricional do produto, se adapten a segmentos específicos de poboación, incorporen *packaging* intelixente ou que integren principios de sustentabilidade.

- **Premio Galicia Alimentación ao Produto Excelente.** Enfocado a posicionar o sector alimentario galego como proveedor de produtos de calidade diferenciada, que incorporen valores tradicionais adaptándoos ao momento actual cun deseño diferencial e empregando produtos e materias primas locais. Para abranguer toda a riqueza da nosa gastronomía e recoñecer os alimentos e bebidas con calidades organolépticas e sensoriais superiores, este galardón (que pon especial atención aos produtos ecolóxicos e *gourmet*) divídese en tres subcategorías:
 - **Produto de Excelencia Atlántica.** Orientada a poñer en valor os produtos do mar galego, que recoñece a excelencia na obtención e transformación de materias primas procedentes das costas e rías de Galicia, destacando a súa calidade, frescura, trazabilidade e estreito vínculo coa contorna atlántica.
 - **Produto de Excelencia Terra.** Centrada no sector agroalimentario galego, que premia produtos que sobresaen pola súa calidade, autenticidade e arraigo no territorio, pondo en valor o rigor e saber facer nos procesos vinculados á agricultura e á gandería de Galicia.
 - **Produto de Excelencia Líquida.** Categoría destinada a bebidas galegas, que recoñece produtos que destacan pola súa calidade, carácter e expresión do territorio, resaltando a súa identidade, tradición e cultura produtiva dentro do sector alimentario de Galicia.

Dentro da Categoría “Iniciativas do Sector Alimentario”:

- **Premio Galicia Alimentación á Proxección e estratexia de mercado.** Galardoa o esforzo de empresas e organizacións da industria de alimentación e bebidas para acceder, desenvolver e consolidar a súa posición no mercado nacional e internacional. Valorarase o seu plan de mercadotecnia no posicionamento en novos nichos de mercado e a orientación ao consumidor, así como a implementación de campañas. Ademais, terase en conta a evolución continua e o dinamismo das exportacións na súa estratexia de internacionalización. Así mesmo, nesta categoría valorarase a traxectoria e o traballo desenvolvido por institucións situadas fóra e dentro de España que se caractericen polo seu labor en favor da promoción da calidade e a imaxe dos produtos alimentarios e bebidas galegas, actuando, así, como verdadeiros embaixadores dos alimentos de Galicia.
- **Premio Galicia Alimentación á Innovación.** Recoñecerá proxectos innovadores, institucións, organizacións ou empresas de especial relevancia que se caractericen pola súa innovación na organización, produción e/ou modelo de negocio; desenvolvan produtos ou servizos innovadores no ámbito da cadea de valor dos alimentos e bebidas, incluíndo o desenvolvemento tecnolóxico cara á fábrica do futuro 4.0; ou que destaquen polo seu carácter emprendedor e cooperativo e a súa visión estratéxica.
- **Premio Galicia Alimentación á Sustentabilidade.** Recoñecerá prácticas sostibles, institucións, organizacións ou empresas que se caractericen pola súa sustentabilidade na organización, produción e/ou modelo de negocio; desenvolvan produtos sostibles ou servizos para a transición verde da cadea de valor dos alimentos e bebidas, incluíndo a súa alíñación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e coa Economía Circular.

Por outra banda, recóllese a posibilidade de establecer a categoría **Premio Honorífico Galicia Alimentación**, por acordo da Xunta Directiva do Clúster Alimentario de Galicia. Dito recoñecemento está dirixido a personalidades das que se valora a súa relevancia e traxectoria profesional na industria alimentaria á hora de impulsar o fortalecemento e a xeración de valor engadido, cunha notable visión da cultura da innovación e da sustentabilidade, e distinguidas polo seu labor en favor do sector alimentario galego desde o sector público ou privado.

4. PARTICIPANTES

Poden presentar candidatura aos Premios Galicia Alimentación 2026 persoas físicas, autónomos, micro, medianas e grandes empresas, que teñan sede social ou centros produtivos ou exerzan a súa actividade comercial ou transformadora en Galicia, e institucións galegas ou situadas fóra do territorio, que desenvolveran actividades en prol dos produtos alimentarios galegos. Ditos produtos deberán ter a súa orixe ou ser transformados en Galicia ou na frota pesqueira dunha empresa galega.

Non poden presentar candidatura aquelas empresas que non compartan os obxectivos de Clusaga ou incumpran os requisitos do regulamento do réxime interno. Igualmente, non poderá optar ao premio ningunha persoa física ou xurídica que fose sancionada, con resolución que puxese fin á vía administrativa, por calquera Administración Pública.

As entidades que foron premiadas en edicións anteriores destes Premios poden presentar candidatura novamente na mesma categoría na que xa resultasen gañadoras ou en calquera outra.

5. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Para presentar candidatura á XII Edición dos Premios Galicia Alimentación debe cumprimentarse o formulario correspondente dos aloxados na páxina da web de Clusaga.

Cabe destacar que dentro do formulario de presentación de candidaturas á Categoría “Alimentos e Bebidas” debe seleccionarse a que premio ou premios se desexa optar coa candidatura presentada, debendo escoller entre Produto Excelente (excelencia Atlántica, Terra ou Líquida) e Produto Innovador, ou ben marcando ambas as dúas opcións no caso de considerar que o produto alimentario pode optar a ambos os dous premios.

Do mesmo xeito, dentro do formulario de presentación de candidaturas á Categoría “Iniciativa do Sector Alimentario” debe seleccionarse a que premio ou premios se desexa optar coa candidatura presentada, debendo escoller entre Proxección e Estratexia de Mercado, Innovación e Sustentabilidade, ou ben marcando máis dunha opción no caso de considerar que a iniciativa presentada pode optar a máis dun galardón dentro da presente Categoría.

Unha mesma entidade ou profesional pode presentar candidaturas a ambas as dúas Categorias, así como optar a máis dun premio dentro dunha mesma Categoría, debendo cumprimentar debidamente os correspondentes formularios e escollendo neles os debidos premios en cada caso.

Para optar ao Premio Galicia Alimentación ao **Produto Excelente**, unha vez validada a

candidatura, o xurado poderá realizar unha preselección previa dos produtos presentados. Unicamente a aquelas candidaturas que superen dita preselección requiriráselles o envío de mostras de produto para a súa valoración organoléptica por parte do xurado.

A aquelas **candidaturas finalistas** que opten á **Categoría “Alimentos e Bebidas”**, unha vez validadas, requiriráselles o envío de polo menos unha mostra por produto presentado para conformar a Exposición de Produtos Excelentes e Innovadores de Galicia, que estará dispoñible para a súa visita o día da Gala de Entrega de Galardóns.

6. PRAZOS E DATAS

- Prazo de presentación de candidaturas: data límite 8 de maio de 2026 ás 14.00 horas.
- Preselección previa por parte do xurado e prazo de envío de mostras de Produtos Excelentes (unicamente para aquelas candidaturas que superen a preselección) para a súa valoración organoléptica por parte do xurado: será notificado de forma anticipada aos participantes.
- Prazo de envío de mostras de Produtos Innovadores e Excelentes para a súa integración na Exposición de Produtos Excelentes e Innovadores de Galicia: será notificado de forma anticipada aos participantes.
- Acto de entrega dos premios e publicación dos premiados: 11 de xuño de 2026

7. ENTREGA DE PREMIOS

A entrega dos premios efectuarase nun acto público, convocado para o efecto, ao que se dotará da transcendencia e solemnidade axeitadas, en liña coas once edicións xa realizadas. Terá lugar o 11 de xuño de 2026, en horario de mañá, en Santiago de Compostela.

8. PREMIOS

Os premios consistirán nun galardón acreditativo.

Se a entidade galardoada fose de nova creación, cunha antigüidade menor a cinco anos, beneficiarase así mesmo da pertenza a Clusaga durante un ano.

Quen recibise un galardón poderá facer mención do premio nas súas accións de promoción e de publicidade, facendo sempre referencia de forma destacada ao premio, edición e entidades convocantes e colaboradoras desta.

O Clúster Alimentario de Galicia contará coa colaboración de quen reciba os galardóns para as diferentes accións de promoción que desenvolva.

9. XURADO

A avaliación e selección de candidaturas serán realizadas por un grupo avaliador integrado por unha representación do equipo de Clusaga e un xurado designado polos organizadores.

Para facilitar o labor do xurado, o equipo técnico poderá realizar unha preselección das propostas, mediante a valoración obxectiva das mesmas, descartando as que non cumpran os requisitos de excelencia necesarios para a súa selección polo xurado. O equipo técnico estará

integrado por un número de membros non inferior a tres, entre o propio persoal de Clusaga e expertos colaboradores externos habituais nas áreas temáticas de cada categoría.

Os premios fallaranse por un único xurado integrado por un número de membros non inferior a cinco, que serán designados polo Comité Executivo de Clusaga, a proposta da Xerencia, entre persoas e entidades de recoñecido prestixio nas actividades obxecto dos respectivos premios e entre os que propoñan as institucións colaboradoras, de forma que quede garantida ao máximo a idoneidade, competencia e independencia de dito xurado.

Entre os integrantes do xurado estarán dous membros da Xunta Directiva do Clúster Alimentario de Galicia e a xerencia de Clusaga. Tamén formarán parte do xurado dos Premios Galicia Alimentación representantes das institucións e organismos públicos colaboradores, patróns dos premios, representantes das universidades e representantes de centros de coñecemento galegos.

A presidencia do xurado será ostentada polo presidente de Clusaga, que contará con voto de calidade, ou pola persoa que este designe. A función de secretaría será exercida pola Xerencia do Clúster Alimentario de Galicia, que actuará con voz e sen voto.

O xurado valorará as solicitudes e documentacións presentadas, así como as accións levadas a cabo polos participantes que contribúan a promover os obxectivos enunciados nas diferentes categorías. Previamente á deliberación, establecerá o sistema de votación que considere máis adecuado.

Por outra banda, o xurado poderá, motivadamente, propor un máximo dun galardado por cada premio, declarar deserta a candidatura ou algún dos premios, ou propor conceder ex aequo un mesmo premio para aquelas propostas dun nivel de excelencia equivalente en calquera das categorías dos premios.

10. SELECCIÓN DE CANDIDATURAS

O xurado terá en conta os seguintes criterios xerais:

- A adecuación da iniciativa ou produto aos obxectivos definidos no artigo 3.
- A innovación, novidade, orixinalidade do produto ou iniciativa, adaptación aos cambios do mercado global e ás demandas do consumidor e o seu beneficio na mellora da calidade de vida das persoas.
- A sustentabilidade, circularidade, aliñación cos ODS e o respecto pola contorna do produto ou iniciativa.
- A repercusión económico-social da iniciativa e a súa posibilidade de crecemento e expansión.
- A calidade formal da proposta e o modelo organizativo e de financiamento empregado.
- O modelo de traballo en equipo, colaboración e redes de interconexión.
- A traxectoria dos profesionais (resultados, compromisos...), o seu carácter emprendedor e a execución da iniciativa, cos seus medios de difusión ou comercialización do produto

- A promoción e integración dos diferentes elementos da cadea alimentaria na produción, transformación, distribución, utilización, coñecemento e consumo dos nosos alimentos.
- O papel a prol da promoción da calidade, a imaxe dos produtos alimentarios e bebidas galegas actuando, así, como verdadeiros promotores da marca Galicia asociada á excelencia en alimentos e bebidas.

Ademais, os criterios específicos de cada premio serán os seguintes:

- **PREMIO GALICIA ALIMENTACIÓN AO PRODUTO INNOVADOR.** Para produtos lanzados nos últimos tres anos, avaliarase:
 - **Grao de Innovación Técnica:** Orixinalidade na selección de ingredientes, novas formulacións químicas ou físicas, e aplicación de tecnoloxías disruptivas.
 - **Innovación no *Packaging*:** Deseño de envases funcionais, intelixentes, máis sostibles ou que melloren a experiencia de uso.
 - **Impacto en Saúde e Benestar:** Achega de propiedades nutricionais melloradas, ingredientes funcionais e adaptación a perfís de saúde específicos.
 - **Diferenciación e Tendencias:** Capacidade do produto para cubrir nichos desatendidos ou adaptarse con éxito ás novas demandas do consumidor global.
- **PREMIO GALICIA ALIMENTACIÓN AO PRODUTO EXCELENTE.** Para produtos que destaquen pola súa calidade superior e arraigo, desglosado nas seguintes seccións e procesos:
 - **Seccións de Participación:**
 - *Excelencia Atlántica: Calidade e transformación da materia prima mariña das nosas costas.*
 - *Excelencia Terra: Posta en valor da produción agropecuaria galega.*
 - *Excelencia Líquida: Calidade diferencial en bebidas e elaboracións líquidas.*
 - **Calidade Organoléptica (Cata):** Superada a preselección documental, os produtos serán sometidos a unha avaliación sensorial a cegas por un panel de expertos para puntuar sabor, aroma, textura e aparencia.
 - **Materias Primas e Tradición:** Uso preferente de materias primas locais e adaptación de receitas ou procesos tradicionais a formatos de consumo modernos.
 - **Deseño Diferencial:** Estética e *packaging* acordes a un posicionamento *premium* ou *gourmet*.
 - **Potencial Comercial:** Os produtos deben ser propostas realistas, cunha produción estable e unha viabilidade económica potencial no mercado.

- **PREMIO GALICIA ALIMENTACIÓN Á PROXECCIÓN E ESTRATEXIA DE MERCADO**
 - **Estratexia de Expansión:** Éxito na apertura de mercados fóra da comunidade autónoma ou no ámbito internacional.
 - **Dinamismo Comercial:** Evolución das vendas e capacidade de consolidar a marca en novas canles de distribución.
 - **Planificación de Mercadotecnia:** Creatividade e eficacia das campañas para posicionarse en novos nichos de mercado.
 - **Enfoque ao Cliente:** Capacidade de resposta ante as tendencias de consumo e fidelización de novos perfís de usuario.
- **PREMIO GALICIA ALIMENTACIÓN Á INNOVACIÓN.** Para proxectos, empresas ou institucións que transformen o sector mediante:
 - **Innovación Organizativa:** Novos modelos de xestión, procesos internos eficientes ou estruturas de negocio disruptivas.
 - **Fábrica do Futuro 4.0:** Integración de solucións tecnolóxicas, dixitalización e automatización avanzada nas liñas de produción.
 - **Visión Estratéxica:** Carácter emprendedor, capacidade de cooperación intersectorial e liderado no ecosistema de innovación.
- **PREMIO GALICIA ALIMENTACIÓN Á SUSTENTABILIDADE.** Para iniciativas que lideren a transición verde a través de:
 - **Impacto no Modelo de Negocio:** Integración real e medible de criterios de sustentabilidade na toma de decisións e produción.
 - **Economía Circular:** Proxectos de valorización de subprodutos, redución de residuos e optimización do ciclo de vida do produto.
 - **Transición Verde:** Desenvolvemento de procesos produtivos con menor pegada hídrica e de carbono.
 - **Aliñación con ODS:** Contribución directa aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas.

A votación do xurado será secreta e os datos e información das candidaturas serán tratados con total confidencialidade pola súa parte. Se algún membro do xurado tivese algún interese de tipo profesional ou persoal con algunha das candidaturas, absterase de exercer o seu voto para o fallo do premio ou premios afectado/s.

11. RESPONSABILIDADES Y CONDICIONES

Os gañadores serán informados pola organización a través dos datos de contacto facilitados polos participantes no formulario de candidatura, para que estean presentes no momento de recoller o premio. O resto dos candidatos coñecerán o fallo do xurado o mesmo día de celebración do acto de entrega dos Premios Galicia Alimentación.

Calquera instancia non prevista nestes termos e condicións será resolta polos organizadores e os participantes ateranse a estas decisións de maneira inapelable.

Os organizadores resérvanse o dereito de modificar os prazos das distintas etapas, así como tamén calquera aspecto que ao seu criterio implique melloras organizativas no concurso e os seus procedementos. O feito de presentar candidatura aos premios supón a plena aceptación das súas bases por parte dos participantes.

12. COMUNICACIÓN Y PUBLICIDAD

As presentes bases publicaranse na web do Clúster Alimentario de Galicia (<https://www.clusteralimentariodegalicia.org/>). Os datos que se completen no formulario de inscrición poderán ser utilizados na campaña de difusión dos Premios Galicia Alimentación.

Todas as comunicacións oficiais por parte da organización aos participantes realizaranse a través da páxina web e do correo electrónico info@clusaga.org.

Os premiados nas categorías Produto Innovador e Produto Excelente poderán utilizar o selo de premiados para a promoción dos seus produtos, comprometéndose a seguir as indicacións recollidas no manual de uso que se lle entregará e sempre coa autorización previa da organización.

Para achegar a innovación e a excelencia alimentaria ao consumidor, os Premios Galicia Alimentación impulsarán unha campaña de promoción dos produtos finalistas na Categoría “Alimentos e Bebidas” en colaboración coas empresas patrocinadoras. A participación nesta iniciativa será opcional e estará suxeita ás condicións establecidas nun documento de especificacións, que detallará os requisitos e o funcionamento da campaña. Esta acción busca dar visibilidade aos produtos máis innovadores e de maior calidade, apoiando ás empresas galegas no seu posicionamento no mercado.

13. ORGANIZACIÓN Y PATROCINADORES

As seguintes entidades organizan, participan e/ou apoian os Premios Galicia Alimentación 2026:

- **Institucións:** Xunta de Galicia (varias Consellerías e organismos).
- **Patrocinadores:** En categoría ouro: Caixa Rural Galega, GADISA e Vegalsa-Eroski.
En categoría bronce: Fundación Semana Verde de Galicia.

14. CONFIDENCIALIDAD Y TRATAMIENTO DE DATOS

O feito de participar nos Premios Galicia Alimentación supón a aceptación das presentes bases por parte do candidato. O Clúster Alimentario de Galicia resérvase o dereito de efectuar calquera cambio, aclaración ou rectificación das bases legais, sempre facendo públicos ditos cambios coa mesma publicidade que se lle dea ás presentes bases.

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de

Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, o Clúster Alimentario de Galicia con domicilio en Edificio FEUGA, oficina 18, Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, Campus Vida, CP 15705, Santiago de Compostela (A Coruña), informa que os datos dos participantes pasarán a formar parte da base de datos do Clúster coa finalidade de posibilitar a participación nos “Premios Galicia Alimentación” de conformidade co disposto nas bases legais.

Así mesmo, os premiados autorizan a comunicación dos seus datos ás entidades colaboradoras de Clusaga para posibilitar a entrega do premio, así como á doutros colaboradores que puidesen formar parte da presente promoción co fin descrito.